

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 23 DE OUTUBRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Proxecto de lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da AC-447 entre o pq:1+410 e o pq: 2+660 e do treito da AC-546 entre o pq:0+000 e o pq:0+510, a prol do Concello de Negreira.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Decreto polo que se crea e regula a Mesa de Coordinación do Control da Cadea Alimentaria.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico: a Festa do Botelo do Barco de Valdeorras, o Entroido de Maceda e o Belén Electrónico de Begonte.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2013.



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, o Instituto Galego de Promoción Económica e o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial “Esteban Terradas” para o desenvolvemento do “proxecto de infraestruturas e equipamento para a creación dun centro de investigación aerotransportada” en Rozas (Lugo), por un importe total de dez millóns de euros (10.000.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o financiamento de centros de investigación, por importe de dous millóns oitocentos mil euros (2.800.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o texto de Proxecto de Decreto polo que se regula o Rexistro galego de instrucións previas, para os efectos de seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución de concesión de subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética na industria e servizos 2014.



A XUNTA REMITE AO PARLAMENTO A LEI QUE GARANTE AOS CIDADÁNS A CALIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

- ***A Lei de garantía da boa administración e da calidade dos servizos pretende ser o inicio dun modelo de xestión máis rigoroso, eficiente e achegado ao cidadán***
- ***Trátase da primeira lei na historia da autonomía que blindo a existencia dun proceso de avaliación continua nos servizos prestados pola Xunta***
- ***A norma recolle tamén os mecanismos para que a cidadanía poida exercer un control da calidade dos servizos que recibe da Administración autonómica***

O Consello da Xunta deu o visto e prace ao anteproxecto da Lei de garantía da boa administración e da calidade dos servizos, a primeira norma en Galicia que aborda dun xeito integral a obriga da Administración de controlar a calidade dos seus servizos e que pretende ser o inicio dun modelo de xestión máis rigoroso, eficiente e achegado ao cidadán.

O texto, que se enviará inmediatamente ao Parlamento galego, establece mecanismos internos de control continuo da calidade por parte da propia Administración nos servizos que presta. Ademais, reconece aos cidadáns dereitos nas súas relacións co sector público autonómico e recolle os mecanismos para que eles mesmos tamén poidan exercer un control.

Trátase da primeira lei en Galicia que recolle un estatuto da persoa usuaria dos servizos públicos autonómicos, con todos os dereitos que lle corresponden, incluíndo tamén o dereito a recibir prestacións en condicións de continuidade, regularidade e calidade estipuladas, e con todas as obrigas que, así mesmo, lle corresponden, incluíndo tamén a de realizar un uso non abusivo.

Na mesma liña, a lei establece que os servizos públicos teñan uns estándares mínimos de calidade e o seu incumprimento determinará o dereito da persoa usuaria a ser indemnizada na contía determinada que para o efecto se precise. En particular, poderá recollerse a taxación da indemnización económica mínima que as persoas usuarias teñan dereito a percibir no caso de incumprimento ou a porcentaxe de devolución da tarifa aboada a que teñan dereito.

Avaliación continua

Tamén é a primeira lei na historia da autonomía que blindo a existencia dun proceso de avaliación continua nos servizos prestados pola Administración autonómica. Con esta norma a Xunta cumpre co compromiso adquirido dentro do seu proceso de reforma administrativa ao integrar a avaliación como unha fase esencial do ciclo de planificación e implantación das políticas e dos servizos públicos.



A partir da súa entrada en vigor, a Xunta estará obrigada a efectuar un Plan xeral de mellora da calidade no que definirá plurianualmente aqueles servizos sobre os que cre que é necesario facer unha avaliación da calidade e encargará aos auditores que os estuden, os diagnostiquen e implanten programas operativos específicos para melloralos.

O resultado das avaliacións e as conclusións dos plans xerais de mellora da calidade serán postos á disposición da cidadanía nun sistema web específico que se chamará 'Barómetro da calidade dos servizos públicos, que permitirá aos galegos supervisar directamente os resultados dos servizos que se lles prestan.

Control dos cidadáns

Ademais, a Lei tamén recoñece por primeira vez en Galicia o propio papel do cidadán como controlador da calidade dos servizos. A Xunta estará obrigada a realizar estudos de grao de satisfacción dos servizos prestados e de análise de demandas cidadás para detectar as necesidades de cambio ou de implantación de novos servizos que pidan os galegos. Tamén se eleva a rango de lei o dereito do cidadán a presentar suxestións e queixas ante a Administración, garantindo que existan á súa disposición mecanismos para a súa presentación, tanto de xeito presencial como por medios electrónicos.

O texto tamén aborda a regulación dun sistema integrado de atención á cidadanía para garantir o dereito do cidadán a recibir da Administración a información necesaria. Así, máis alá do que xa se regula na normativa de transparencia, agora recóllese aquela outra información e orientación máis directa que os cidadáns galegos necesitan para poder exercer os seus dereitos e recibir os servizos que presta a Xunta de Galicia.

Aplicación a todos os servizos

É importante subliñar que todos os dereitos e controis de calidade que se recoñecen aos galegos nesta lei se aplican indistintamente a todos os servizos públicos que presta o sector público autonómico, independentemente de que a súa prestación sexa directa ou indirecta.

En primeiro lugar, garantírase que os pregos introduzan os mecanismos necesarios para medir a calidade do servizo e que as retribucións vaian vinculadas a ese nivel; intentando que o sistema habitual de contratación na Xunta sexa o do pagamento por obxectivos e non o dunha retribución constante independente da calidade prestada. Estas obrigas de calidade estenderanse tamén aos subcontratistas, no caso de habelos.

Ademais, ábrese a posibilidade de impoñer penalidades económicas cando o contratista non dea solucións ás queixas formuladas polos usuarios que lle traslade a Administración, quen actuará como garante dos dereitos das persoas usuarias, de forma que se no procedemento se determina a existencia de responsabilidade

contractual do contratista, a Administración ordenará o aboamento da indemnización á persoa usuaria, indicará o prazo para facelo e, en caso de incumprimento polo contratista, as ditas cantidades terán a consideración de crédito de dereito público. Nesta liña, os pregos precisarán o réxime de penalidades aplicable ao incumprimento das obrigas do contratista, así como daquelas outras que se configuren como condicións esenciais de execución do contrato.

Os contratistas quedan obrigados a proporcionar aos seus traballadores e traballadoras un traballo de calidade e estable, protexéndoos fronte aos accidentes e riscos laborais e promovendo condicións de conciliación familiar e laboral e de igualdade de xénero. Considerarase especificamente como incumprimento grave que xustificará a resolución do contrato a vulneración probada dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras e, en especial, dos permisos de paternidade e maternidade, ben directamente ben mediante coaccións.

O goberno galego cando contrate valorará a calidade, de tal xeito que as empresas que non cumpran cos obxectivos de calidade estipulados terán menos posibilidades de facerse con futuros contratos. Finalmente, a lei regula de xeito moi claro a posibilidade de intervención do servizo nos casos de incumprimento continuado dos estándares de calidade.

Con esta lei a Xunta dá un paso máis na reforma da Administración autonómica, un proceso que se abordou tamén coa avaliación dos entes dependentes, a aprobación da LOFAXGA ou a Lei de racionalización do sector público, que incorporaba mecanismos de avaliación constante no eido das estruturas ou dos procedementos. Agora esténdese este modelo de avaliación e de traballo por obxectivos tamén á calidade.



A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DE NEGREIRA AS AVENIDAS DE SANTIAGO E DA BARCALA

- *Os dous tramos de estradas, obxectos deste cambio de titularidade, suman unha lonxitude total de 1,7 km*
- *A entrega das vías formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG)*
- *Correspóndenlle ao Concello de Negreira, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade duns treitos de dúas estradas autonómicas Negreira-Negreira (AC-447), e Negreira-A Pereira (AC-546), a prol do Concello de Negreira.

Trátase do tramo coñecido coma avenida de Barcala, treito inicial da AC-546, de 510 metros de lonxitude; e a denominada avenida de Santiago, treito final da AC-447, de 1,25 km de lonxitude.


Os dous treitos presentan características de vía urbana cun tráfico eminentemente local, dado que actualmente o tráfico de longo e medio percorrido canalízase a través da variante de Negreira, alternativa viaria que proporciona un mellor nivel de servizo.

A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos que estean incluídos no inventario de travesías da súa Administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas. Neste caso, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais.

Correspóndenlle ao Concello de Negreira, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

A continuación, un plano no que se amosan os treitos que se van transferir ao Concello de Negreira.





Comunicación da Xunta de Galicia
 San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
 Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
 Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
 "Unha maneira de facer Europa"
 FONDO SOCIAL EUROPEO
 "O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

A XUNTA CREARÁ UN ÓRGANO PARA COORDINAR E REFORZAR DE XEITO CONXUNTO O CONTROL DA CADEA ALIMENTARIA

- ***A Mesa de Coordinación do Control da Cadea Alimentaria terá como obxectivo planificar, coordinar e supervisar as tarefas de control oficial ao longo de toda a cadea de produción, elaboración, distribución e venda dos produtos alimenticios***
- ***Estará composta por un representante de cada unha das consellerías implicadas no control da cadea alimentaria, que son a Consellería do Medio Rural e do Mar, a de Sanidade, a de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a de Economía e Industria***
- ***A súa creación servirá para consolidar a confianza dos consumidores nos controis na cadea alimentaria dos alimentos e para mellorar a eficacia da acción administrativa no campo da seguridade alimentaria***

A Xunta creará a Mesa de Coordinación do Control da Cadea Alimentaria para reforzar de xeito conxunto o control neste eido. O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea e regula este órgano que ten como obxectivo planificar, coordinar e supervisar as tarefas de control oficial ao longo de toda a cadea de produción, elaboración, distribución e venda dos produtos alimenticios. A mesa tamén desenvolverá un importante papel á hora de establecer e unificar criterios interpretativos en relación coa aplicación da lexislación alimentaria. O decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Este órgano estará composto por un representante de cada unha das consellerías implicadas no control da cadea alimentaria. Estas consellerías e os ámbitos que lle corresponden son: a Consellería do Medio Rural e do Mar, no eido do control da produción primaria e na elaboración; a Consellería de Sanidade, que realiza control dos aspectos que afectan a saúde pública en diferentes ámbitos da cadea alimentaria; a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no eido do control de subprodutos da cadea alimentaria, e a Consellería de Economía e Industria no control na distribución comercial e defensa dos consumidores. A presidencia da Mesa será rotatoria e as súas decisións tomaranse por unanimidade.

A creación deste órgano servirá para consolidar a confianza dos consumidores nos controis na cadea alimentaria dos alimentos e para mellorar a eficacia da acción administrativa no campo da seguridade alimentaria. Neste sentido, axudará a evitar duplicidades de inspección nos/as produtores/as e operadores/as comerciais. Ademais, servirá para lograr unha axeitada adaptación dos estándares establecidos na normativa comunitaria.

Funcións



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÃO EUROPEA

A Mesa de Coordinación do Control da Cadea Alimentaria encargárase de planificar e coordinar o cumprimento dos obxectivos dos organismos executivos de control oficial nos distintos ámbitos da cadea alimentaria, de acordo coa lexislación vixente. Tamén acordará e realizará as comunicacións aos operadores da cadea alimentaria que considere axeitadas para facilitar e garantir o cumprimento da normativa de aplicación.

Ademais, será a encargada de elaborar o posicionamento común da Comunidade Autónoma de Galicia nas cuestións que sexan tratadas nos distintos órganos da Administración xeral do Estado no eido do control da cadea alimentaria e da información ás persoas consumidoras de acordo coa protección dos seus dereitos básicos. Tamén estará entre as súas funcións a elaboración, coordinación e avaliación do Plan plurianual de control oficial da cadea alimentaria de Galicia. Outras das funcións deste organismo son unificar criterios interpretativos en relación coa aplicación da lexislación alimentaria e detectar necesidades formativas do persoal encargado do control oficial e promover accións para a súa formación.

Para a análise de temas ou actividades específicas a mesa poderá establecer grupos de traballo. A designación das persoas que formen parte destes grupos será realizada pola presidencia da mesa logo do acordo dos seus membros.



A FESTA DO BOTELO DO BARCO DE VALDEORRAS, O ENTROIDO DE MACEDA E O BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE DECLARADAS FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

- ***Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta de acordo co procedemento para a declaración de festas de Galicia de interese turístico regulado no capítulo III do citado Decreto 39/2001***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de festa de interese turístico de Galicia para a Festa do Botelo do Barco de Valdeorras, o Entroido de Maceda e o Belén Electrónico de Begonte.

De acordo co procedemento para a declaración de festas de Galicia de interese turístico regulado no capítulo III do Decreto 39/2001, unha vez examinadas as solicitudes presentadas, e emitidos os preceptivos informes polas delegacións territoriais, reuniuse a comisión de valoración que analizou as solicitudes e acordou elevar ao Consello da Xunta para a súa aprobación as propostas.

Na citada comisión valoráronse os requisitos de antigüidade mínima de dez anos, a singularidade e orixinalidade das celebracións, así como o seu arraigamento popular e o seu valor cultural. Así mesmo, tivéronse en conta criterios como a afluencia de visitantes, a calidade dos actos que configuren a celebración, a súa creatividade, e o adecuado coidado dos contornos paisaxísticos, urbanos e monumentais, entre outros.

A Festa do Botelo celébrase de modo interrompido desde o ano 2001, e conta coa singularidade de ser, na actualidade, unha das poucas que se celebra en Galicia para honrar este singular embutido, típico e xenuíno da comarca de Valdeorras. Esta festa reúne cada ano máis de novecentas persoas nun xantar colectivo no cal se pode degustar o botelo acompañado de cachelos con repolo e chourizos, con viño tinto do Barco, así como a sobremesa de torta de roxóns. O valor cultural maniféstase nas distintas actividades que se levan a cabo como un acto cultural en que se dá lectura ao pregón.

En relación ao Entroido de Maceda non se ten clara a súa orixe, aínda que se ten constancia documental e fotográfica dun traxe do ano 1890, e na actualidade celébrase de xeito interrompido desde o ano 1997. Este Entroido é diferente do resto dos entroidos pola forte personalidade do seu protagonista "O Felo", non só pola súa vestimenta e máscara, senón polo seu comportamento, posto que é a autoridade nestas datas.

Pola súa parte, a festa do Belén electrónico de Begonte celébrase de modo ininterrompido desde o ano 1972, e a súa singularidade vén determinada polo mesmo



feito de realizar un Belén con pezas artesanais e mecanismos electrónicos para o seu movemento que serviu de inspiración a outras iniciativas similares. O valor cultural maniféstase nas múltiples actividades de carácter cultural que complementan a actividade. Este evento converte a Begonte nun lugar de visita imprescindible no Nadal.



A CONTA XERAL RATIFICA QUE A XUNTA DE GALICIA CUMPRIU NO ANO 2013 O OBXECTIVO DE DÉFICIT

- *A Comunidade galega rematou o pasado exercicio cun déficit do 1,13% do PIB, catro puntos menos que a media das autonomías, que foi do 1,52%*
- *En 2013, Galicia reduciu o seu déficit en 84 millóns de euros, volveu cumprir os obxectivos de estabilidade e mantén a senda de diminución progresiva*
- *Foi a autonomía con maior aforro bruto en 2013 e unha das seis comunidades que tivo aforro bruto positivo*
- *Tamén foi a terceira comunidade con menor déficit acumulado entre 2009 e 2013, catro puntos menos que a media estatal*
- *A Administración autonómica mantén o seu compromiso de axustarse neste ano e tamén en 2015 ao déficit autorizado polo CPPF*
- *A porcentaxe de execución do gasto non financeiro en 2013 foi do 101,7%, catro puntos mellor que o exercicio anterior*

A conta xeral da Comunidade Galega ratifica que a Xunta cumpriu en 2013 o obxectivo de déficit público autorizado polo Consello de Política Fiscal e Financeira (CPPF), xa que pechou o exercicio cun déficit do 1,13% fronte ao 1,52% de media das comunidades autónomas. Estes datos foron confirmados tamén pola Intervención Xeral da Administración do Estado (IXAE).

A conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, presentou hoxe ante o Consello da Xunta a conta xeral correspondente ao ano pasado, na cal se sinala que Galicia rematou o exercicio 2013 cun déficit de 626 millóns de euros en termos de contabilidade nacional, o que supón un descenso de 84 millóns respecto ao ano anterior e ratifica a senda de redución progresiva do déficit que está a facer a Comunidade Autónoma.

Ademais, o Goberno autonómico reafirmou o seu compromiso co cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria para este ano, fixado polo Consello de Política Fiscal e Financeira para a Comunidade galega no 1% do PIB. E a Xunta tamén mantén a súa intención de cumprir o obxectivo marcado para todas as comunidades autónomas para 2015, que será do 0,7% do PIB.

Galicia foi a autonomía que acadou maior aforro bruto en 2013, xa que a diferenza entre ingresos correntes e gasto corrente acadou os 70 millóns de euros, o que permitiu financiar unha parte dos gastos de capital sen necesidade de acudir ao endebedamento. De feito, só seis comunidades –entre elas Galicia- tiveron aforro bruto positivo, mentres que no conxunto de España este indicador situouse en -7.764 millóns.



Entre 2009 e 2013 Galicia situouse como a terceira comunidade cun menor déficit público acumulado, un 7,7%, fronte a un 11,8% que tiveron de media o conxunto das comunidades. Isto foi posible grazas ao traballo de redución progresiva do déficit realizado en Galicia, o que permitiu que o PIB galego se teña comportado mellor que a media española durante os últimos cinco anos.

A conta xeral, logo do acordo do Consello da Xunta de Galicia, será remitida ao Parlamento e ao Consello de Contas cumprindo a norma en vigor.

Mellor execución

Ao mesmo tempo, a Xunta acadou en 2013 unha porcentaxe de execución do gasto non financeiro do 101,7% do seu orzamento inicial, o que supón mellorar a súa porcentaxe de execución respecto a 2012 en máis de catro puntos. Segundo os datos do Ministerio de Facenda, a execución do gasto non financeiro en Galicia foi case tres puntos superior á media autonómica.

O pasado ano, Galicia volveu priorizar o gasto en sanidade, educación e servizos sociais, que son as partidas que teñen máis peso na execución. Ademais, a porcentaxe de pagamentos en 2013 en Galicia (92,7%) tamén foi superior en máis de tres puntos á do conxunto de comunidades.

Máis esforzo investidor

Galicia foi en 2013 a cuarta comunidade que realizou maior esforzo investidor, 4,2 puntos máis que o conxunto de autonomías, e compatibilizou isto cuns altos niveis de execución, superiores á media nos distintos capítulos orzamentarios.

Respecto ao capítulo de ingresos, Galicia rexistrou en 2013 máis ingresos que o exercicio anterior pola maior achega do sistema de financiamento e por unha mellor xestión dos fondos comunitarios. Esta execución situouse ao peche de 2013 no 116,8% nos fondos europeos –coma o FEDER ou o FSE- e no 104,3% no Fondo de Cooperación Interterritorial.



O CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN AVIÓNS NON TRIPULADOS DE USO CIVIL DE ROZAS CONVERTERÁ A GALICIA NUN POLO AERONÁUTICO DE REFERENCIA

- ***O proxecto, no cal colaboran a Xunta, o Ministerio de Economía e Competitividade e o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial - INTA, conta cun investimento de 10 millóns e desenvolverase no aeródromo lucense de Rozas***
- ***Impulsarase a cooperación público-privada creando un polo tecnolóxico que permitirá atraer grandes empresas internacionais do sector aeronáutico favorecendo a mellora competitiva industrial galega***
- ***A pleno rendemento, o centro sumará 50 postos de traballo de alta cualificación configurándose como unha oportunidade para a comunidade científica galega e un foco de atracción de talento investigador de alto nivel a Galicia***
- ***A Xunta define esta iniciativa como un proxecto de país, xa que suporá unha importante oportunidade para o desenvolvemento de áreas clave para Galicia como a detección de lumes, a vixilancia da contaminación ou a xestión eficiente do territorio***

A localidade luguesa de Rozas será a sede dun centro de investigación en avións non tripulados de uso civil que converterá a Galicia nun polo aeronáutico de referencia en Europa. O proxecto, autorizado hoxe polo Consello da Xunta e no cal participan a Consellería de Economía e Industria, o Ministerio de Economía e Competitividade e o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial – INTA- suma un investimento conxunto de 10 millóns de euros, cofinanciados no 80% con Fondos Feder.

Neste sentido, o novo Centro de Investigación Aerotransportada (CIAR), que prevé autoxestionarse nun horizonte de tres anos, situará á Comunidade nunha posición de vantaxe no mercado de vehículos aéreos non tripulados, que conta cunhas óptimas expectativas de crecemento e presenta numerosas sinerxías coa mencionada industria aeronáutica.

Así, o centro impulsará desde Lugo o potencial que a industria galega ten neste ámbito e a súa relación con sectores estratéxicos da economía galega como o da automoción e o naval, cos que comparte múltiples procesos e metodoloxías.

O novo centro de investigación suporá a creación de ata 50 postos de traballo directos cando se atope a pleno rendemento, promovendo a consolidación dun foco de crecemento para a provincia lucense. Dado que se trata de postos de alta cualificación, isto suporá unha importante oportunidade para a comunidade científica galega, ademais da captación de talento investigador de alto nivel a Galicia.



Impulsarase así a cooperación público-privada configurando un polo tecnolóxico con capacidade para atraer grandes empresas internacionais do sector aeronáutico interesadas en realizar desenvolvementos e probas dos seus novos vehículos.

Oportunidades de financiamento e innovación

Neste sentido, a creación do CIAR en Lugo contribuirá ao posicionamento da Comunidade na vangarda do sector, ao abrir unha importante oportunidade para o desenvolvemento de proxectos vinculados á compra pública innovadora.

Cómpre salientar que as oportunidades para a diversificación dos mencionados sectores estratéxicos cara actividades de alto valor engadido é unha das prioridades da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 2014-2020), entre as que se atopa tamén a modernización de sectores tradicionais, como o agrícola, o pesqueiro e o forestal.

Así, o Goberno galego define esta iniciativa como un proxecto de país, xa que suporá unha importante oportunidade para o desenvolvemento de áreas clave para Galicia como a detección de lumes, a vixilancia da contaminación ou a xestión eficiente do territorio. Por exemplo, a utilidade dos avións no tripulados é clara na actividade pesqueira na que se buscarán aplicacións para localización de bancos de peixes e a xestión de mareas vermellas, entre outras; a agricultura verase beneficiada pola súa capacidade para localizar recursos hídricos, e o sector forestal atopará grandes vantaxes nestes dispositivos para controlar incendios e pragas.

Así mesmo, este tipo de avións contan con vantaxes relevantes sobre os convencionais. Ademais da redución dos custos grazas a consumos moito menores, implican maior seguridade pola inexistencia de riscos persoais, máis autonomía de voo e unha capacidade de adaptación moi superior ante circunstancias adversas (alta concentración de cinzas, radioactividade, contaminación, etc.).

Estímase que o mercado destes sistemas de voo se multiplicará durante os próximos dez anos, desde os preto de 5.000 millóns de euros anuais actuais ata os máis de 8.000 millóns anuais ao final do decenio, o que supón un volume de negocio a nivel mundial de máis de 65.000 millóns de euros na vindeira década.

O desenvolvemento destes vehículos e, sobre todo, os ensaios con eles están restrinxidos a áreas especialmente habilitadas. Pola súa baixa densidade de poboación e o reducido tráfico aéreo, o aeródromo de Rozas é unha localización idónea para o desenvolvemento deste proxecto, para o que se adecuarán as actuais instalacións mediante a optimización da torre de control, a habilitación dun novo hangar e a dotación de sistemas de apoio e telecomunicacións.



CULTURA E EDUCACIÓN INCREMENTA NUN 77% O FINANCIAMENTO DOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN DE ALTO NIVEL DAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS, CHEGANDO A CONTÍA TOTAL A 6,4 MILLÓNS ATA 2015

- ***Este incremento de 2,8 millóns súmase ao convenio recentemente asinado polo departamento de Xesús Vázquez Abad cos tres reitores para a contratación de tecnólogos, dotado con 3,75 millóns de euros***
- ***Deste xeito, a Consellería destina máis de 10,1 millóns de euros ao financiamento de centros e servizos de apoio á investigación de alto nivel nas universidades galegas***
- ***Ademais, a Consellería investiu en 3 anos 48 millóns en axudas a grupos de referencia competitiva, con potencial crecemento e redes de investigación***
- ***O Goberno galego reforza así o seu apoio á construción dun modelo de investigación en excelencia, máis competitiva e con maior proxección internacional***
- ***O acordo entre a Consellería e o Sistema Universitario de Galicia a través das Agrupacións Estratéxicas contribúe a consolidar un marco de colaboración estable e planificado en materia de I+D+i***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para incrementar en 2,8 millóns de euros a contía inicialmente prevista de 3,6 millóns para financiar o funcionamento dos centros de investigación de alto nivel das tres universidades galegas, polo que o montante total para este fin se eleva a 6,4 millóns de euros ata 2015.

Deste xeito, o Goberno galego -a través do departamento de Educación- reforza o seu apoio ao Sistema Universitario Galego co obxectivo de consolidar un modelo de colaboración estable e planificado e fortalecer as capacidades estratéxicas de investigación. Ao abeiro da addenda que asinarán proximamente a Consellería e os reitores das tres universidades (que dá continuidade ao acordo marco asinado o ano pasado), Educación cubrirá parte dos gastos de funcionamento operativo dos centros de investigación, que son necesarios para desenvolver a súa actividade. Así mesmo, cómpre lembrar que o conselleiro de Cultura e Educación asinou hai uns días cos reitores da Coruña, de Vigo e de Santiago un convenio pioneiro para a contratación de tecnólogos e de expertos na xestión da I+D, entre outros, dotado con 3,75 millóns de euros. Así, a Consellería destina máis de 10,1 millóns de euros ao financiamento dos centros de investigación de alto nivel das tres universidades galegas e dos seus servizos de apoio á investigación.

Esta acción enmárcase dentro do Programa de centros de investigación singulares de Galicia impulsado pola Xunta co fin de construír un modelo de xestión da investigación de excelencia e que esta acade o maior impacto posible.



Trátase, en definitiva, de crear un marco máis eficiente para realizar unha investigación máis competitiva e con maior proxección internacional, capaz de xerar avances científicos de vangarda arredor de sectores de alta tecnoloxía, claves para a xeración de novos espazos económicos e de empresas innovadoras.

Os centros singulares de investigación son aqueles en que se integran as Agrupacións Estratéxicas, estruturas organizativas de investigación de dimensión superior ao grupo cuxa creación se propiciou desde a Xunta de Galicia, arredor dos grupos mais dinámicos do Sistema Universitario de Galicia.

Neste momento as agrupacións estratéxicas intégranse nas tres universidades. En concreto apoiaranse -cunha contía de 800.000 euros para cada un- 8 centros: o CITIC, a universidade da Coruña; o CIMUS, o CIQUS e o CITIUS, da Universidade de Santiago de Compostela, e o AtlanTIC, o ECIMATU, o CIA e o CINBIO, da Universidade de Vigo.

Programas de apoio

O Goberno da Xunta conta co Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) que ten por obxectivo estimular o crecemento económico e social de Galicia mediante o impulso e a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico, favorecendo o desenvolvemento dos centros que favorezan a investigación, a innovación e a transferencia. Ao abeiro deste plan, a Consellería de Cultura e Educación destinou nos últimos tres anos 48 millóns de euros á concesión de 311 axudas á consolidación dos investigadores do Sistema Universitario de Galicia (SUG), mediante as modalidades de grupos de referencia competitiva, grupos con potencial de crecemento e redes de investigación.



SANIDADE FACILITA Á CIDADANÍA OS TRÁMITES PARA A FORMALIZACIÓN DO DOCUMENTO DE INSTRUCCIÓNS PREVIAS SOBRE COIDADOS E TRATAMENTO DE SAÚDE

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou o texto do proxecto de decreto polo que se regula o Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamento de saúde.

Así, régúlase o procedemento para a nova modalidade de formalización do documento de instrucións previas, establecida na Lei de garantías, consistente na realización do documento ante o encargado do Rexistro de instrucións previas. Tamén se establece unha nova regulación do Rexistro de instrucións previas, desenvolvendo aspectos como o acceso aos seus datos, entre outros.

Esta nova modalidade, xunto coa nova regulación do Rexistro, son as novidades máis destacadas que incorpora o proxecto de decreto e que completan a normativa autonómica nesta materia.

A nova modalidade de formalización do documento de instrucións previas está pensada para que as galegas e galegos manifesten, dun xeito sinxelo, as súas vontades en relación cos tratamentos de saúde e o destino do seu corpo/órganos unha vez chegado o falecemento. Ata o de agora podíase outorgar o documento ben ante notario, ben a través dun documento asinado por tres testemuñas, das cales dúas non podían ter relación familiar nin patrimonial coa persoa outorgante. En moitos casos este documento non cumpría os requisitos establecidos e tiña que devolverse ao interesado para que subsanara os erros existentes, coas molestias e retrasos que supoñía. Co novo sistema facilítanse todos estes trámites.

Cómpre lembrar que o outorgamento das instrucións previas foi recollido inicialmente na Lei de Galicia 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica electrónica dos pacientes, pero foi a Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, a que completou esta figura engadindo unha nova modalidade de outorgamento do documento en que o paciente indica a súa vontade, para o momento no cal non poida manifestar por si mesmo a dita vontade.



A XUNTA IMPULSA ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E MELLORA COMPETITIVA NA INDUSTRIA E NOS SERVIZOS QUE PERMITIRÁN AFORRAR ATA 20 MILLÓNS DE EUROS

- ***O programa de axudas de Economía e Industria destina 1,7 millóns para estas áreas de actividade, desenvolvendo 84 proxectos e mobilizando máis de 6 millóns na mellora da competitividade do tecido empresarial galego***
- ***As iniciativas supoñen aforros de ata un 15% no eido industrial, e dun 30% no sector servizos, ao tempo que evitarán a emisión á atmosfera de 6.000 toneladas de CO₂ ao ano***
- ***Entre os proxectos apoiados figuran a substitución de caldeiras de derivados do petróleo por outras de biomasa ou de gas natural, a implantación de luminarias con tecnoloxía LED, ou a renovación de maquinaria industrial***
- ***A liña de apoios, que o ano pasado sumou a súa primeira convocatoria, intégrase no plan de actuacións de aforro e eficiencia enerxética do Goberno galego que está a xerar un aforro económico anual de 81 millóns de euros***

A Xunta de Galicia ten no aforro e na eficiencia un dos piares fundamentais da súa política enerxética. Por este motivo, e confiando na influencia desta área na mellora da competitividade do tecido empresarial galego, a Consellería de Economía e Industria activou por segundo ano consecutivo a liña de axudas específica para a industria e o sector servizos. Unha convocatoria cuxa resolución coñeceu hoxe o Consello da Xunta e que permitirá desenvolver 84 proxectos que, grazas á diminución dos seus consumos enerxéticos, acadarán un aforro conxunto de ata 20 millóns de euros durante os dez anos de vida útil que, de media, suman as novas instalacións.

Deste xeito, o Goberno galego aposta pola mellora competitiva do tecido produtivo galego, apoiando actuacións que permiten reducir os custos enerxéticos a través de tecnoloxía máis eficiente. Neste sentido, as iniciativas seleccionadas contribuirán á redución dos consumos nos sectores industrial e de servizos, que en Galicia representan o 45% e o 9% do consumo de enerxía final, respectivamente. Segundo diversos estudos sectoriais e auditorías realizadas polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega), a porcentaxe de aforro de enerxía nestes sectores coa posta en marcha de medidas de aforro e eficiencia ascende ata o 15% para o sector industrial, e pode chegar ao 30% no sector servizos

O programa, para o que se destinaron este ano 1,7 millóns, mobilizará máis de 6 millóns en actuacións de diversa índole. Así, entre os proxectos apoiados figuran a substitución de caldeiras de derivados do petróleo por outras de biomasa ou de gas natural, ou por bombas de calor aerotérmicas e xeotérmicas; a implantación de luminarias con tecnoloxía LED; a renovación de maquinaria industrial; ou a



implementación de equipamentos de medida e monitorización de consumos enerxéticos que contribúen a unha mellora da xestión da enerxía na empresa.

Unhas actuacións que supoñen, tamén, un importante beneficio para o ambiente. Así, o desenvolvemento dos proxectos permitirá aforrar máis de 2.600 toneladas equivalentes de petróleo ao ano, o que evitará a emisión á atmosfera de case 6.000 toneladas anuais de CO₂.

Con este novo paquete de axudas, a Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso co aforro e a eficiencia enerxética, eido en que está a desenvolver un plan integral de actuacións a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), tanto entre empresas como nos fogares e na propia Administración pública. Así, as dúas convocatorias desta orden suman máis de 3,5 millóns de euros e preto de 180 empresas beneficiadas. Cifras que se encadran no conxunto dos programas executados nos últimos cinco anos que permiten, nestes momentos, un aforro económico anual de 81 millóns de euros, diminuíndose as emisións de CO₂ á atmosfera en máis de 310.000 toneladas por exercicio.

